

Palabras sobre Xela Arias
Colocación de placa na biblioteca de Chapela
MB 22-04-2019

Expreso a miña gratitude por convidarme a participar nesta lembranza de Xela Arias e os meus parabéns ao concello de Redondela pola iniciativa de lembrala colocándolle o seu nome a biblioteca pública municipal de Chapela ás portas dun novo día de libro.

Con Xela non son obxectivo. Gustaba da súa presenza fráxil, un chisco melancólica e desvalida, que aseguraba, tras os seus ollos inmensos, unha conversa intelixente, afastada de calquera banalidade tan frecuente no mundo da cultura. Porque Xela era desas persoas fascinantes das que tes a sensación de que só teñen ollos, no seu caso o núdo máis fermoso e inqueda. A mirada de Xela foi a dunha francotiradora guerrilleira e independente que anceiaba reencarnarse nun Loud Reed feminino, que escribía as letras de «Desertores», nunha cidade de fronteira coma a nosa, unha «cidade revolcada» coma a Xela lle gustaba dicir, con todos os riscos que isto conleva, esculcando ao mesmo tempo, os límites do pracer cos da dor.

Coñecín tarde a Xela. Cando me incorporei como editor ao equipo humano de Xerais, no mes de outubro de 1990. Xela decidira dar unha volta a súa vida e reemprender os estudos universitarios que abandonara de mocidade rebelde. Herdei a súa mesa, as súas notas, a súa correspondencia profesional, as probas de libros que iniciara, as súas tarxetas de enderezos, todos eses segredos cotiáns que imos tecendo no traballo de edición. Aprendín con todos aqueles papeis a interpretar os signos da ortografía técnica dos correctores, unha simboloxía vermella que, dende entón, incorporei na lectura dos textos e que sei que me acompañará de por vida.

E axiña quedei fascinado coa caligrafía paciente, pulcra, ligada con decisión, coa que Xela transcribiu os documentos fundacionais de Xerais. Unha letrografía que amosaba a precisión e depuración da escrita da poeta esencial que foi.

Lembro entristecido a nosa derradeira intervención en público. Foi con Ferrín e Gonzalo Navaza nun debate na *Festa da Alegría* (vaia paradoxo!) que se celebraba en Braga. Convidounos aos catro Jose Viale Moutinho, o noso embaixador en Porto, para debater diante da militancia comunista (e do grande General Vasco Gonçalves que nos aleccionou sobre a importancia da resistencia activa), sobre as relacións culturais entre Galicia e Portugal, dous países que vivimos tan achegados, pero tamén tan virados de costas. Naquel chuvieiro solpor miñoto de verán, os grandes ollos de Xela brillaron coa súa palabra decidida e culta (ela que traduciu para o galego a Jorge Amado e o seu gato gaiado e a Camilo Castelo Branco e o seu amor de perdición), matizando unha desesperanza esperanzada, algo moi característico da súa poética cargada de intuicións intimistas na súa loita individual contra o desacougo.

Lembro con ledicia aquelas gozosas conversas que mantivemos ao longo da edición de *Darío a diario*, ese seu poemario poderoso sobre a posesión desposuída, que tivo a valentía de escribir para enfrontarse coa experiencia de ser nai. Xela daquela estaba feliz, desbocábase falando da confrontación da experiencia co seu Darío coas ideas preconcebidas que tiña sobre a maternidade. Xela expresaba a súas dúbidas educativas e creacionais, no anxeio de acompañar ao seu fillo sen estorbo, para que o seu carón fose feliz e creador da súa propia vida. Nos días entusiastas da edición daquel poemario, Xela explicábame que o libro nacera da necesidade imperiosa de explicarlle a Darío un manifesto íntimo e interno de intencións maternas para

axudalo a desenvolverse nunha sociedade ensarillada nunha andamiaxe de valores que non consideraba nin liberadores nin fomentadores da independencia.

Velaí, naqueles días de luz, cando Xela publica esa estremecedora carta ao futuro, á poeta esencial que indaga no territorio incombustible das palabras e nas contradicións do amor, da vida e da sociedade; á poeta que asume a absoluta incerteza e a fragilidade da súa empatía co ser humano e co seu destino. Naquel *Darío a diario* está esa poesía que, como sinalaba Luis Pimentel, é o grande milagre do mundo. Naqueles versos, que hoxe relemos emocionados, están as cartografías que Xela deixou para que esculquemos un novo horizonte.

Con todos os abrazos e saudades para ela.